

## **Regulamento 04/2025, do 27 de marzo de 2025, do Consello de Goberno, polo que se crea o Consello do Estudantado da UDC e se establece o seu réxime xurídico**

<b>PREÁMBULO .....</b>	<b>1</b>
<b>Artigo 1. Creación do Consello do Estudantado da UDC .....</b>	<b>2</b>
<b>Artigo 2. Funcións .....</b>	<b>2</b>
<b>Artigo 3. Composición .....</b>	<b>2</b>
<b>Artigo 4. Medios e sede .....</b>	<b>3</b>
<b>Artigo 5. Réxime de funcionamento .....</b>	<b>3</b>
<b>Disposición transitoria. Consello do Estudantado provisorio .....</b>	<b>3</b>
<b>Disposición final. Entrada en vigor .....</b>	<b>3</b>

### **PREÁMBULO**

O Estatuto do Estudantado foi aprobado polo Claustro Universitario o 29/05/2007, para desenvolver os dereitos e deberes básicos que lle recoñece ao estudantado a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e os Estatutos da Universidade.

Entre os dereitos do estudantado como membros da comunidade universitaria recoñécese o dereito de representación (artigo 4), desenvolvido no capítulo I do título II do Estatuto con referencia aos órganos colexiados de goberno da Universidade, nomeadamente o Consello Social, o Claustro, o Consello de Goberno, a Xunta de Facultade ou Escola, os consellos de departamento e os consellos de instituto universitario (artigo 7).

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU) regula o Consello de Estudantes (artigo 48) como órgano colexiado superior de representación e coordinación do estudantado no ámbito da universidade.

Os Estatutos da UDC, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, atribúenlle ao Consello de Goberno da UDC a competencia para aprobar as normas necesarias respecto da composición, as competencias e o réxime de funcionamento dos órganos de representación do estudantado (artigo 68.3).

En exercicio da referida competencia, e sen prexuízo do que dispoñan os Estatutos da UDC que se deban aprobar para os adaptar á LOSU, procede crear o Consello do

Estudantado da UDC, como órgano de representación do estudantado, e regular a súa composición, as súas funcións, os seus medios e o réxime de funcionamento.

### **Artigo 1. Creación do Consello do Estudantado da UDC**

1. Créase o Consello do Estudantado da UDC como o órgano colexiado superior de representación e coordinación do estudantado no ámbito da Universidade.
2. O Consello do Estudantado da UDC gozará de plena autonomía para cumprir os seus fins.

### **Artigo 2. Funcións**

Son funcións do Consello do Estudantado da UDC:

- a) Defender os intereses do estudantado e canalizar as solicitudes ou queixas do estudantado perante os órganos de goberno da UDC.
- b) Velar polo cumprimento e respecto dos dereitos e deberes do estudantado da UDC.
- c) Realizarlles propostas aos órganos de goberno en materias relacionadas coas súas competencias para as incluír na orde do día.
- d) Fomentar o asociacionismo estudantil e a participación do estudantado na vida universitaria.
- e) Representar a UDC no *Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado*, así como noutras institucións ou entidades que sexan relevantes para desenvolver as súas funcións.
- f) Contribuír á calidade da UDC e velar polo cumprimento da súa normativa.
- g) Participar no procedemento de elaboración de normas que lle afecten ao estudantado.
- h) Protexer a lingua galega como lingua propia da UDC e fomentar a normalización lingüística entre o estudantado.
- i) Convocar o paro académico total ou parcial do estudantado da UDC.
- j) Calquera outra función recollida nos Estatutos da UDC ou nas normas que os desenvolven.

### **Artigo 3. Composición**

1. O Consello do Estudantado da UDC estará composto por dúas persoas de cada centro escollidas por/entre as persoas representantes do estudantado nas xuntas de centro e na Escola de Doutoramento.
2. A renovación da composición do Consello do Estudantado da UDC producirase cada ano. As baixas que se produzan cubriranse coa listaxe de agarda que resulte dos procesos electorais.
3. A composición do Consello de Estudantes deberá ser paritaria.

#### **Artigo 4. Medios e sede**

1. O Consello do Estudiantado da UDC disporá de medios e espazos adecuados para o exercicio das súas funcións. Para estes efectos, disporá dunha asignación económica nos orzamentos da UDC para desenvolver a súa actividade.
2. A sede do Consello de Estudantes será a Casa do Estudiantado.

#### **Artigo 5. Réxime de funcionamento**

1. O Consello do Estudiantado da UDC é un órgano colexiado cuxo funcionamento se rexe polo que dispón este regulamento, polos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e, subsidiariamente, polos artigos 16 a 20 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
2. O Consello do Estudiantado da UDC aprobará o seu regulamento de réxime interno por maioría dos seus membros, co informe previo favorable da Asesoría Xurídica da UDC.

#### **Disposición transitoria. Consello do Estudiantado provisorio**

1. Mentres non se constitúa o Consello do Estudiantado da UDC conforme ao previsto nos Estatutos adaptados á LOSU, constituirase un Consello do Estudiantado provisorio, composto por doce membros elixidos por/entre as persoas representantes do estudiantado no Claustro.
2. O Consello do Estudiantado provisorio poderá desempeñar as funcións que están dispostas neste regulamento. De se aprobar o regulamento de réxime interno, deberá ser ratificado polo Consello do Estudiantado da UDC que se constitúa conforme aos Estatutos adaptados á LOSU na primeira sesión convocada tras a súa constitución.

#### **Disposición final. Entrada en vigor**

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.